

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA TELEMÁTICA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 8 DE FEBREIRO DE 2021.

PRESIDENTE:

O alcalde, D. José Ramón Rioboo Castro

ASISTENTES:

D.^a María Guadalupe Pombo Carril
D. Juan Carlos Iglesias Lovelle
D.^a Marta María Figueroa Fuentes
D. Carlos Liñares Gestal
D.^a Marta María Iglesias Becerra
D. Abraham Seijas González
D.^a Yessica Méndez Sánchez

INTERVENTORA MUNICIPAL:

D.^a Vanessa García Barreiro

SECRETARIA XERAL:

D.^a Pilar María Pastor Novo

O día oito de febreiro de dous mil vinte e un, a través da plataforma COUNCILBOX, ás trece horas e cincuenta e tres minutos comeza a sesión ordinaria telemática, en primeira convocatoria, da Xunta de Goberno Local, convocada a través da sede electrónica do Concello. Preside a sesión o Sr. alcalde, D. José Ramón Rioboo Castro, e asisten os/as Sres./as concelleiros/as, D.^a María Guadalupe Pombo Carril, D. Juan Carlos Iglesias Lovelle, D.^a Marta María Figueroa Fuentes, D. Carlos Liñares Gestal, D.^a Marta María Iglesias Becerra, D. Abraham Seijas González e D.^a Yessica Méndez Sánchez.

Asiste á sesión a Sra. interventora municipal, D.^a Vanessa García Barreiro.

Actúa como secretaria a Sra. secretaria xeral do Concello, D.^a Pilar María Pastor Novo.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 107 do Regulamento Orgánico Municipal (BOP núm. 162 do 16-07-2004) para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA REALIZADA EN DATA 2 DE FEBREIRO DE 2021.

De conformidade co preceptuado no artigo 79.1 e 107.4 do ROM, (BOP núm. 162 do 16-07-2004), a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión extraordinaria celebrada o día 2 de febreiro de 2021, da que se entregou copia do borrador coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobada por unanimidade.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a acta da sesión extraordinaria realizada o día 2 de febreiro de 2021.

2.- DACIÓN DE CONTA.

2.1.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS. PUBLICACIÓNS OFICIAIS.

A Presidencia dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local das seguintes publicacións:

Publicacións:

- Orde do 31 de decembro de 2020, da Consellería de Emprego e Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2021 (código de procedemento TR353A). DOG núm. 22 do 03-02-2021.
- Resolución do 15 de xaneiro de 2021, da Axencia Turismo de Galicia, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència non competitiva, das axudas para actuacións de mellora paisaxística e de embelecemento de bens e recursos que se atopen no Camiño de Santiago, e se establece a súa convocatoria para o ano 2021 (código de procedemento (TU501D). DOG núm. 23 do 04-02-2021.

- Anuncio do 19 de xaneiro de 2021, do Concello de Culleredo, de xestión da biomasa. Expediente UME/2020/262. DOG núm. 23 do 04-02-2021.
- Orde do 19 de xaneiro de 2021, da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria para o ano 2021 das axudas para estudos e investimentos vinculados á conservación, recuperación e rehabilitación do patrimonio natural e cultural e á sensibilización ecolóxica na Rede de reservas da biosfera de Galicia, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020 (código de procedemento MT724A). DOG núm. 24 do 05-02-2021.
- Anuncio do 28 de xaneiro de 2021, do Concello de Culleredo, de corrección dun erro nos anuncios publicados nos BOP núm. 204, do 30 de novembro de 2020 (Anuncio de aprobación provisional da suspensión durante o ano 2021 da aplicación da Ordenanza fiscal núm. 21), e núm. 18, do 28 de xaneiro de 2021 (Anuncio de aprobación definitiva da suspensión durante o ano 2021 da aplicación da Ordenanza fiscal núm. 21). BOP núm. 22 do 03-02-2021.
- Anuncio do 2 de febreiro de 2021, do Consorcio As Mariñas, de aprobación definitiva do orzamento xeral do ano 2021 do Consorcio "As Mariñas". BOP núm. 25 do 08-02-2021.

2.2.- RESOLUCIÓNS E ACTIVIDADES DAS DISTINTAS CONCELLERÍAS DELEGADAS.

2.2.1.- O Sr. Iglesias Lovelle dá conta á Xunta de Goberno Local das seguintes actividades da concellería delegada da Área de Desenvolvemento Local, Cultura, Festas e Turismo:

"ACTIVIDADES CULTURAIS

ENTROIDO 2021 NAS REDES.

ACTIVIDADES DAS BIBLIOTECAS MUNICIPAIS

Desenvolveranse no Facebook do Concello de Culleredo.

Venres 12 de febreiro: *Obradoiro de maquillaxe.*

Sábado 13 de febreiro: *Obradoiro de creación de máscaras.*

Luns 15 de febreiro: *Cullerchef na casa.*

Martes 16 de febreiro: *Contacontos coa Dragóna Ramona."*

2.2.2.- A Sra. Pombo Carril dá conta á Xunta de Goberno Local das seguintes resolucións da concellería delegada da Área de Política Social e Promoción do Deporte:

"

***SERVIZO DE PRESTACIÓNS MUNICIPAIS DE APOIO A AUTONOMÍA E ATENCIÓN Á DEPENDENCIA (PAAD) conforme ao Regulamento das prestacións municipais de apoio á autonomía e asistencia á dependencia (PAAD) publicado no BOP nº 204 de 25 de outubro de 2013.**

Data da resolución	Nº resolución	TEMA	Persoa beneficiaria	Intensidade
27/01/2021	93	Dar de baixa o servizo municipal de Teleasistencia domiciliar por mor de seu	***2511**	

C.I.F. P-1503100-H

		falecemento, e declarar terminado o procedemento.		
27/01/2021	95	Dar de baixa no servizo municipal de axuda a domicilio por libre concorrencia, con data 30/11/2020 ao causar alta como dependente o día 01/12/2020, segundo a aprobación do Programa de Atención Individual, efectuada e notificada pola Xunta de Galicia.	***7537**	Cunha prestación de 18 horas mensuais
27/01/2021	96	Aceptar o desestimento da solicitude do servizo municipal de Axuda no fogar por mor do falecemento da súa cónxuxe e declarar concluso o procedemento.	***0079**	
27/01/2021	97	Dar de baixa o servizo municipal de Axuda no fogar por mor do seu traslado a unha residencia, e declarar terminado o procedemento.	***9025**	
27 01 2021	98	Dar de baixa o servizo municipal de Axuda no fogar e declarar terminado o procedemento.	***1100**	

****PRESTACIÓNS ECONÓMICAS MUNICIPAIS DE EMERXENCIA E INSERCIÓN SOCIAL (PEEIS) de acordo ao vixente Regulamento de acceso ás prestacións económicas municipais de emerxencia para a inserción social (PEEIS) publicado no BOP nº 242 de 20 de decembro de 2013**

Data da resolución	Nº resolución	TEMA	Persoa beneficiaria	Obxecto da axuda	Importe
27/01/2021	92	Declarar o desestimento de das axudas solicitadas para pago das axudas para necesidades básicas da vivenda e farmacia ao non achegar a documentación perceptiva.	***1928**		

***TARXETA ESTACIONAMENTO conforme ao Real Decreto de 12 de decembro de 2014 polo que se regulan as condicións básicas de emisión y uso de de la tarjeta de estacionamiento para personas con**

discapacidad (BOE nº 309 de 23 de decembre de 2014)				
Data da resolución	Nº resolución	TEMA	Persoa beneficiaria	Vixencia
01/02/2021	120	Conceder a tarxeta de estacionamento por razón de discapacidade.	***9676**	Cunha vixencia de 10 ANOS

*GASTOS FÚNEBRES				
Data da resolución	Nº resolución	TEMA	Persoa beneficiaria	Importe
27/01/2021	94	Asumir a cobertura dos gastos derivados de cadaleito, traslado e sepelio do finado e aprobalo gasto.	***0801**	1501,72€

SERVIZOS COMUNITARIOS BÁSICOS

C.I.F. P-1503100-H

3.- ASUNTOS SOBREVIDOS.

Non se somete ningún asunto neste punto da orde do día.

4.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se formulan.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as trece horas e cincuenta e nove minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Visto e prace
O alcalde
(Asinado dixitalmente)

(Asinado dixitalmente)